

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que regula as ensinanzas universitarias, establece un novo sistema de validación de estudos denominado recoñecemento e transferencia de créditos. Neste Real Decreto establécese que as propostas dos programas de Grao incorporen o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, polo que ao obxecto de dar cumprimento a este mandato e ante a aprobación das titulacións de Grao o Consello de Goberno da Universidade aprobou na súa sesión do 14 de marzo de 2008 a normativa de Transferencia e Recoñecemento de créditos para as titulacións adaptadas ao EEES e que se deberá aplicar no caso das titulacións de Grao.

A USC aprobou no Consello de Goberno do 6 de febreiro do 2008 o título de Graduado/Graduada en Ciencia Política e da Administración, que foi verificado polo Consello de Universidades na súa sesión do 28 de maio de 2008 e autorizada a súa implantación para o curso 2008/2009 mediante o Decreto 154/2008, do 17 de xullo (DOG do 30 de xullo de 2008). Na memoria deste programa de estudos establécese un calendario de implantación da nova titulación así como o de extinción do actual plan de estudos da Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración xunto coa táboa e sistema de incorporación dos estudantes que cursaron algunha materia da Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración ao Grao de Ciencia Política e da Administración.

Co obxecto de dar cumprimento á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da USC e establecer os criterios para a aplicación da táboa de adaptacións que figura na memoria do Grao de Ciencia Política e da Administración, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Os estudantes da actual Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración poderán solicitar o recoñecemento de créditos e competencias segundo a táboa de equivalencia que figura no ANEXO, por bloques ou por materias.

Segundo.- Recoñecemento por bloques

a) Ao alumnado da Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración que teñan superado no contorno dos 40 créditos (39/41 créditos) correspondentes a materias troncais e obrigatorias do primeiro curso da licenciatura reconoceráselle o primeiro curso completo do grao en Ciencia Política e da Administración ademais das disciplinas que lles correspondan nos outros cursos ao aplicar a táboa de adaptación.

Só se poderán recoñecer as disciplinas do Grao implantadas.

Terceiro.- Recoñecemento de créditos disciplina a disciplina

O alumnado tamén poderá solicitar a adaptación disciplina a disciplina segundo a táboa de adaptación que figura no ANEXO. Só se poderán recoñecer as materias do Grao que que estean implantadas.

Tamén poderán solicitar o recoñecemento ou adaptación daquelas disciplinas que tendoas superadas non figuran na táboa de adaptación, nas que as competencias que proporciona a súa superación poidan estar incluídas en materias do Grao.

Para este recoñecemento, a solicitude do alumno deberá tramitarse ao centro co fin de que o órgano con competencias na materia emita o informe correspondente.

Cuarto. - Sistema de cualificacións dos créditos que se recoñecen.

As disciplinas ou créditos que se lles recoñezan aos alumnos que se adapten ao Grao de Ciencia Política e da Administración e que non foron cursadas na anterior titulación serán

cualificadas como APTA/S.

Ás disciplinas ou créditos obtidos mediante o sistema de recoñecemento de créditos asignaráselles a cualificación numérica que establece o artigo 5 do RD 1125/2003, de 5 de setembro, e a cualificación cualitativa equivalente.



Cando os créditos ou disciplinas que se recoñezan teñan a súa orixe en varias disciplinas da actual titulación os resultados obtidos polo alumno en cada unha das disciplinas trasladaranse ás correspondentes do grao que se recoñecen segundo a seguinte fórmula: multiplicación dos créditos de cada unha das materias polo valor numérico da cualificación; suma dos resultados destas operacións e división do resultado entre o número de créditos totais. O resultado numérico completárase coa cualificación cualitativa que lle corresponda segundo o Artigo 5 do RD 1125/2003.

Quinto.- Unidade de recoñecemento.

A Unidade de recoñecemento será o crédito, sen prexuízo de poder recoñecer disciplinas ou módulos completos. Neste caso corresponderá ao centro determinar as actividades académicas que deberá realizar o estudante para que lle sexa recoñecida a totalidade dos créditos da/s disciplina/s, o que deberá comunicar ao coordinador da materia. O recoñecemento reflectirase no expediente só cando o estudante supere a totalidade dos créditos da materia, e coa cualificación que a estes efectos determine o profesor ou profesora que realizou a avaliación do estudante.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2008

O Reitor



Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e EEES, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Decana da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, Sr. Vicexerente da Área Académica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Directora da OIU, Sra. Xefa da Oficina de Reclamacións e Mellora do Procedemento, Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur

Anexo

TABO A DE RECOÑECEMENTO DE CREDITOS (ADAPTACIÓN) DA LICENCIATURA EN CIENCIAS POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN AO GRAO DE CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACIÓN							
1º curso							
Materias L. Ciencias Políticas e da Administración	Carácter	Crédito	Curso	Materia-Grao Ciencia Política e da Administración	Carácter	Créditos	Curso
061101 Ciencia Política I	TR	12	1º	Ciencia Política I: Actores Ciencia Política II: Institución Métodos en Ciencia Política	BA OB BA	6 6 6	1º
061103 Economía Política	TR	9	1º	Economía Política I: Metodoloxía e Mercados Economía Política II: Intervención Pública na Economía	BA OB	6 6	1º 2º
061104 Historia Política Contemporánea	TR	9	1º	Política Internacional	BA	6	1º
061105 Socioloxía Xeral	TR	9	1º	Socioloxía Estatística para as Ciencias Sociais I	BA BA	6 6	1º 1º
061106 Teoría do Estado: Perspectiva Histórica	TR	12	1º	Historia do Pensamento e das Institucións Políticas Teoría Política	BA OP	6 4,5	1º 3º
061213 Introducción á Ciencia da Administración Ou 061401 Dereito Administrativo	OB TR	9 12	2º 4º	Administración Pública Dereito Administrativo	BA BA	6 6	1º 1º
061102 Dereito Constitucional I	Tr.	4,5	1º	Sen equivalencia no Grao			
061111 Dereito Constitucional II	OB	4,5	1º	Sen equivalencia no Grao			
Aos estudantes que teñan superado no contorno dos 40 créditos da licenciatura (39/41 segundo as materias)				Recoñécéselles todo o primeiro curso completo do grao e as materias dos outros cursos que figuran na táboa			
Segundo curso							
Materias L. Ciencias Políticas e da Administración	Carácter	Crédito	Curso	Materia-Grao Ciencia Política e da Administración	Carácter	Créditos	Curso
061201 Métodos e Técnicas de Investigación Social I	TR	6	2º	Técnicas Cualitativas de Investigación	OB	6	2º
061202 Métodos e Técnicas de Investigación Social II	TR	6	2º	Técnicas Cuantitativas de Investigación	OB	6	3º
061203 Relacións Internacionais I Ou 061311 Dereito Internacional Público	TR OB	9 9	2º 3º	Relacións Internacionais Política Exterior de España	OP OP	4,5 4,5	3º 3º
061211 Ciencia Política II	OB	9	2º	Sen equivalencia no Grao			
061212 Estatística Aplicada ás Ciencias Sociais	OB	9	2º	Estatística para as Ciencias Sociais I (Só no caso de non ter recoñecidos os créditos pola 061105) Estatística para as Ciencias Sociais II	BA OB	6 6	1º 2º
061213 Introducción á Ciencia da Administración Ou 061401 Dereito Administrativo	OB TR	9 12	2º 4º	Administración Pública Dereito Administrativo	BA BA	6 6	1º 1º
061214 Sistema Político Español	OB	6	2º	Sistema Político Español	BA	6	2º

TABOA DE RECOÑECEMENTO DE CREDITOS (ADAPTACIÓN) DA LICENCIATURA EN CIENCIAS POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN AO GRAO DE CIENCIA POLITICA E DA ADMINISTRACIÓN

Terceiro curso							
Materias L. Ciencias Políticas e da Administración	Carácter	Crédito	Curso	Materia-Grao Ciencia Política e da Administración	Carácter	Créditos	Curso
161301 Políticas Públicas	TR	6	3º	Políticas Públicas	OB	6	2º
161311 Dereito Internacional Público	OB	9	3º	Relacións Internacionais Política Exterior de España	OP	4,5	3º
161203 Relacións Internacionais I	OB	9	2º		OP	4,5	3º
161312 Estrutura Social Contemporánea	OB	9	3º	Métodos Avanzados de Investigación social Estrutura Social	OP	4,5	3º
161313 Política Comparada I	OB	9	3º		OP	4,5	3º
161314 Sistema Político Europeo	OB	6	3º	Política Comparada Partidos e Sistemas de Partidos	OB	6	2º
161315 Sistema Político Galego	OB	6	3º		OP	4,5	3º
161321 Elección Pública	OP	4,5	3º	Sistema Político Europeo	OB	6	3º
161324 Políticas Públicas da Unión Europea	OP	6	3º	Sistema Político Galego	OB	6	2º
161325 Políticas Públicas Sectoriais	OP	6	3º	Elección Pública	OP	4,5	
Cuarto curso							
Materias L. Ciencias Políticas e da Administración	Carácter	Crédito	Curso	Materia-Grao Ciencia Política e da Administración	Carácter	Créditos	Curso
161401 Dereito Administrativo	TR	12	4º	Dereito Administrativo Administración Pública	BA	6	1º
161213 Introducción á Ciencia da Administración	OB	9	2º		BA	6	1º
161402 Facenda Pública	TR	6	4	Facenda Publica	OB	6	2º
161423 Política Exterior de España	OP	4,5	4º	Política Exterior de España	OP	4,5	3º
161424 Recursos Humanos	OP	9	4º	Xestión de recursos humanos	Op	4,5	3º
161421 Análise Electoral	OP	9	4º	Análise Electoral	OP	4,5	3º
161430 Partidos e Sistemas de Partidos	OP	9	4º	Partidos e Sistemas de Partidos	OP	4,5	3º-4º
161428 Xestión Pública	OP	9	4º	Xestión Pública	OB	6	3º
161501 Avaliación de Políticas Públicas	TR	4,5	5º	Análise Estratéxica e Toma de Decisións	OB	6	2º
161503 Teoría Política	TR	9	5º	Teoría Política	OP	4,5	3º
161522 Estudos de Opinión	OP	4,5	5º	Opinión Pública	OP	4,5	3º-4º
161523 Goberno Local	OP	4,5	5º	Goberno Local	OP	4,5	3º/4º
161524 Marketing Político	OP	4,5	5º	Mercadotecnia Política	OP	4,5	3º-4º
161525 Métodos e Técnicas Avanzadas de Investigación Social	OP	4,5	5º	Métodos Avanzados de Investigación Social	OP	4,5	3º-4º
161530 Temas de Xestión Pública Avanzada	OP	4,5	5º	Control de Xestión	Op	4,5	3º-4º